

15



Ollos abertos

Os animais e as súas crías

O mundo dos animais é marabillioso. Admiramos sobre todo o comportamento dos animais pais e nais para coas súas crías.



■ Os animais cando teñen crías...

-
-
-
-
-
-
-

▶ ¿Que animais che gustan máis?

▶ ¿Que é o que máis admiras no comportamento deses animais coas súas crías?



Mirada penetrante

Pais e nais cos seus fillos

Se é admirable o comportamento dos animais, moito máis o son as actitudes que os pais e nais humanos teñen cos seus fillos.

■ Actitudes dos pais e nais cos seus fillos

- Están sempre pendentes de nós para acompañarnos e darnos o que necesitamos.
- Pensan só no noso ben e están dispostos a facer por nós ata as cousas máis difíciles.
- Quérennos moitísimo e a súa maior alegría é que esteamos ben e sexamos felices.
- Mándannos que nos comportemos ben e non nos deixan facer o que non nos convén.
- Escóitannos, comprenden os nosos fallos, e non se enfadan cos nosos erros.

-
-
-
-
-

▶ Escribe na columna da dereita unha das cinco palabras que creas máis axeitada:

Amor - Paciencia - Dedicación - Sacrificio - Exixencia

▶ ¿Que é o que máis admiras no comportamento dos pais e nais cos seus fillos?




Oídos atentos

A Igrexa é de verdade a nosa nai e compórtase con cada un dos cristiáns coma unha verdadeira nai.

■ 1 ■

	Polos sacramentos, comunícanos a vida de Deus, purifícanos dos nosos fallos, aliméntanos e fortalécenos.

A través dos seus pastores, o Papa, os bispos e os seus colaboradores, presbíteros (sacerdotes) e diáconos, a Igrexa actúa como nai.



A través dos seus pasotres, a Igrexa...	

- Os bispos, postos polo Espírito Santo, son sucesores dos apóstolos e, xuntamente co Sumo Pontífice e baixo a súa autoridade, foron enviados para perpetuar a obra de Cristo. (CD 2)
- Os bispos... reciben do Señor a misión... de predicar o Evanxeo a toda criatura, co fin de que todos os homes consigan a salvación por medio da fe, do Bautismo e do cumprimento dos mandamentos. (LG 24)
- Os bispos, cos seus colaboradores, os sacerdotes e diáconos, presiden en nome de Deus o rabaño, do que son pastores, coma mestres de doutrina, sacerdotes do culto sagrado e ministros de goberno. (LG 20)

▶ Escribe en cada cadro unha desas frases.

A través dos seus pasotres, a Igrexa...	
Ensina	
Santifica	
Goberna	



Memoria esperta

A función da Igrexa

A Igrexa sentiuse sempre nai e trata de cumprir con cariño esa función maternal. Nós acollémola, queremosla coma nai e seguimos os seus consellos e orientacións.

- ¿Podemos dicir que a Igrexa é nai?
- ¿Cal é a misión dos pastores na Igrexa?
- ¿Que función exerce a Igrexa coma nai?

Coloca as respostas no lugar axeitado;

- * como nai edúcanos na fe
- * así foi como os cristiáns a sentiron e lle chamaron
- * ensinar, celebrar e guiar é responsabilidade dos pastores
- * no bautismo danos nova vida
- * como nai agasállanos a misericordia de Deus



Ser bos fillos da Igrexa

■ Fillos da Igrexa

Queremos ser	Para iso habemos de...	Hai que unir con frechas
Obedientes	Querela e expresarlle o cariño con xestos e palabras.	
Agradecidos	Seguir as súas ensinanzas e poñelas en práctica.	
Servizais	Dicirlle con cariño os seus fallos, para que os corrixa.	
Cariñosos	Recoñecer o bo que ela nos dá e os servizos que nos presta.	
Acolledores	Colaborar en todas as súas tarefas e axudarlle nas súas necesidades.	
Sinceros	Tratar con amor aos seus membros, desculpar e perdoar os seus erros.	

Para ser fillo da Igrexa...	Vou...
Cariñoso	
Obediente	
Sincero	
Agradecido	
Servizal	
Acolledor	

- ▶ Sinala algún aspecto para ser bo fillo da Igrexa, indicando algunha situación ou caso concreto.
- ▶ ¿Cal destas actitudes ante a Igrexa vivimos máis?
- ▶ Na catequese, a Igrexa ensínanos a Palabra e invítanos a vivir coma discípulos de Xesús. ¿Valorámolo así?